



Anxo Fariña traballando no seu estudio en Vigo. ÁLEX MENE

Pintor de flores pola noite

Anxo Fariña, formado en Belas Artes, lanza dous títulos dunha nova serie: Gliz

Belén López

blopez@diariodepontevedra.es

Un can pastor que garda nubes no canto de ovellas. Ese é Gliz, o protagonista da nova colección que, para Xerais, realiza o escritor, ilustrador e deseñador Anxo Fariña (Vigo, 1977). «En principio son dous títulos: 'Onde está Nubebebé?' e 'O pintor de flores'», conta o autor, que acaba de presentar estes traballos no Cultural. «Están dirixidos aos máis pequenos da casa. Tanto aos que aínda non len, como aos que empezan a ler un pouquiño». En todo caso, están feitos especialmente para eles. «Teñen un formato moi manexable, con páxinas moi resistentes, para que non se rachen á primeira, con xogos e con cubertas pensadas para que pinten

nelas». O soño de todo rapaz: un conto, que propón un xogo e no que se pode pintar.

Gliz é a última creación dun autor galego cunha traxectoria orixinalísima, inventor de universos moi persoais cheos de personaxes surrealistas maravillosos como Matisse. Profesión: pintor de flores. «Porque no mundo de Gliz, as flores perden a cor ao escurecer e fai falta un pintor que pase a noite pintándoas». Pero a Fariña gústalle ir un pouco máis alá. Segundo di, nos seus contos non só se trata de vivir unha aventura senón de aprender cousas que a el lle parecen importantes. «Como, por exemplo, o valor da amizade ou do traballo en equipo».

Especialista en desenvolver coleccións infantís (Os Megatoxos), o autor vigués realiza un cambio radical de xénero e estilo con 'Gliz'. O seu anterior traballo foi a novela xuvenil '4 xinetes'. «É algo involun-

tario pasar dunha cousa moi de adultos a unha cousa máis infantil, con moita máis cor, máis directa, máis luminosa e divertida. En realidade, supoño que eu son un pouco así, necesito ir enfrontándome a cousas diferentes e a novos retos».

Hai algo como autor que pense que o define? «Eu creo que son as ganas de contar historias. Esa idea de desenvolver universos. Fágoo ao detalle. Incluso invento cousas que nin sequera saen nos libros, pero que preciso que existan para as historias. Iso é o que teñen en común as miñas obras, porque está claro que no resto non se poden comparar», comenta. «De feito hai quen bromea sobre se teño a alguén facendo algúns dos libros e despois os asino eu, porque son moi diferentes entre si. Pero á fin e ao cabo, as historias son historias e un pasa diferentes etapas como persoa nas que lle gusta dar saída a intereses diferentes».

E, ademais, debuxa. «Facelo é o dobre de chollo. E en 'Gliz' aínda engadín a maiores o deseño. Volve ter que ver con esa idea de deseñar un universo completo: escribilo e debuxalo. Levalo ao extremo ata



Unha traxectoria única en Galicia

O de Gliz é o último proxecto dun autor hiperactivo (preto de medio cento de títulos dende 2004) e cunha traxectoria única en Galicia (tanto polo número de personaxes inventados como por argumentos orixinais como o de '4 xinetes', sen contar con que escribe e debuxa as súas historias). Entre outras cousas, Anxo Fariña é autor das aventuras de Don Quixote e Breogán, Antón e Pompón ou os Megatoxos, ademais de 'A chave da Atlántida' (Premio Merlín e Premio Frei Martín Sarmiento).

darlle voltas á cor das zapatillas que levan», explica. «Encántame. Canto máis me deixan meterme na cocina, eu máis contento. Sinto que fago un traballo máis redondo, porque me permite contar a historia non só coas palabras, senón tamén coa imaxe».

Anxo Fariña pasou pola facultade de Belas Artes e a Pontevedra, cidade que inspirou a súa novela 'Horizonte de sucesos', segue moi vinculado. «Por suposto. Ademais do paso pola facultade, durante unha época, traballei no centro de acollida de menores Príncipe Felipe. Para min Pontevedra é unha cidade moi querida. É o meu segundo fogar, aínda que viva en Vigo. Traballo moito no Salón do Libro, imparto obradoiros... Ás veces sinto que me queredes máis que en Vigo». Para el o paso pola facultade foi importante. «Non só polo traballo cos mestres, senón polo intercambio cos propios alumnos. Eu quizais esperaba algo máis, pero de todo se sacan cousas boas e cousas non tan boas. En todo caso é algo que te marca. O que máis me gustaba era que estivese no centro da cidade. Penso que axudamos a darlle vida».